



Guía Docente				
Datos Identificativos			2019/20	
Asignatura (*)	Dermatoloxía		Código	750G02026
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Santalla Borreiros, Fátima	Correo electrónico	f.santalla@udc.es	
Profesorado		Correo electrónico		
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	A materia de Dermatoloxía pretende proporcionar ao alumnado unha serie de coñecementos xerais de Dermatoloxía do membro inferior e o seu tratamento. O alumnado ao longo do curso adquirirá coñecementos sobre: Semioloxía, histopatoloxía e terapéutica dermatolóxica das principais afeccións dermatolóxicas que afectan ao pé. Afeccións do tecido conectivo. Lesións de orixe vascular. Afeccións zooparasitarias e fito parasitarias. Lesións cutáneas benignas, lesións precancerosas e tumores cutáneos. Cirurxía en dermatoloxía e cicatrices.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A19	Coñecer e identificar os procesos patolóxicos do pé e sistémicos con repercusión podolóxica, pé de risco e os parámetros clínicos patolóxicos das afeccións estruturais e funcionais do aparato locomotor en decúbito, bipedestación estática e dinámica. Identificar as lesións dermatolóxicas e o seu tratamento. Coñecer e aplicar a Farmacoloxía específica de uso podolóxico.
B1	Aprender a aprender.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
O alumnado coñece e identifica as lesións dermatolóxicas que afectan ao membro inferior e o seu tratamento.		A19	B1 C1 C3 C4 C5 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
I. BASES DO DIAGNÓSTICO DERMATOLÓXICO	I.I.ANATOMÍA E FISIOLOXÍA DA PEL. I.II.LESIÓNS ELEMENTAIS DA PEL. I.III.LESIÓNS ELEMENTAIS DAS UÑAS. I.IV. PROCEDEMENTOS E DISPOSITIVOS DIAGNÓSTICOS



II. AFECCIÓNS DO TECIDO CONECTIVO.	
III. LESIÓNS DE ORIXE VASCULAR.	III.I. ENFERMIDADE ARTERIAL VASCULAR PERIFÉRICA. III.II.VASCULITIS. III.III. ENFERMIDADE DE RAYNAUD III.IV.ERITEMA PERNIO
IV. INFECCIÓNS E INFESTACIÓNS	IV. I. INFECCIÓNS BACTERIANAS IV.II. INFECCIÓNS VÍRICAS IV.III. INFECCIÓNS FÚNGICAS IV.IV. INFESTACIÓNS
V. DERMATOSIS INFLAMATORIAS	V.I. PSORIASIS V.II.LIQUEN PLANO V.III. ECCEMAS/DERMATITIS
VI. LESIÓNS CUTÁNEAS BENIGNAS, LESIÓNS PRECANCEROSAS E TUMORES CUTÁNEOS.	
VII. CIRURXÍA EN DERMATOLOXÍA E CICATRICES.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A19 B1 C3 C4 C7	21	42	63
Recensión bilbiográfica	A19 B1 C1 C3 C4 C7	0	13.5	13.5
Proba de resposta múltiple	A19 B1	2	16	18
Seminario	A19 B1 C1 C3 C4 C5 C7	21	31.5	52.5
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A sesión maxistral consistirá en clases teóricas expositivas con métodos audiovisuais de apoio (presentacións, vídeos...) Facilitarase ao alumnado o material cos contidos teóricos básicos da materia, así como material para traballar na aula ou fóra dela. Todo o material se poñerá a disposición do alumnado por diferentes vías (plataforma virtual, papel, correo electrónico...).
Recensión bilbiográfica	A recensión consistirá na lectura crítica de artigos científicos e outros documentos sobre Dermatoloxía Podolóxica ou temas relacionados coa mesma e a realización de actividades (Resúmenes, esquemas, traducións,...) que no seu momento propoñeranse a través da facultade virtual.
Proba de resposta múltiple	Exame con preguntas de proba obxectiva (70 preguntas tipo test). O exame incluírá preguntas relacionadas cos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistrais, como nos seminarios, e como nas actividades de lectura de traballos científicos e artigos relacionados coa materia (Recensión Bibliográfica).
Seminario	Os seminarios consistirán en actividades grupais onde se traballarán aspectos e conceptos relacionados co exposto na clase maxistral ou conceptos complementarios a estes. Favorecerase a participación e interacción profesor-alumno/a. O alumno/a deberá expoñer polo menos unha actividade a determinar no transcurso da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba de resposta múltiple	A atención personalizada está destinada a resolver calquera dúbida ou cuestión relacionada coa materia. Desenvolverase de maneira presencial de mutuo acordo co profesorado, ou de maneira virtual (vía telefónica, correo electrónico, plataforma de teleformación...etc).



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A19 B1	O exame incluírá preguntas relacionadas cos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistrais, como nos seminarios, e como nas actividades de lectura de traballos científicos e artigos relacionados coa materia (Recensión Bibliográfica). A máxima puntuación que se pode obter neste apartado son 7 puntos. Unha semana antes do exame facilitaráselle ao alumnado a puntuación das preguntas. É necesario obter polo menos o 50% da nota total da proba mixta para superar a materia e poder sumar á cualificación final o resto de items da avaliación.	70
Recensión bibliográfica	A19 B1 C1 C3 C4 C7	As actividades relacionadas coa recensión bibliográfica son de carácter voluntario. Ó inicio do cuatrimestre facilitaráselle ó alumnado as pautas da súa realización e a data límite de entrega.	10
Seminario	A19 B1 C1 C3 C4 C5 C7	A asistencia aos seminarios non é obrigatoria. Realizarase un seguimento da asistencia do alumnado e a participación ós mesmos. A máxima puntuación que se pode obter neste apartado é 2 puntos.	20

Observacións avaliación

Para poder aprobar a materia a cualificación da "proba de resposta múltiple" ha de ser maior ou igual a 3,5 sobre 7. Se a cualificación é inferior a esta cifra (3,5), non se sumarán as cualificacións relativas aos apartados "seminario" e "recensión bibliográfica", e a cualificación será "SUSPENSO". Ademais, a nota total da suma das diferentes metodoloxías de avaliación ha de ser igual ou superior ao 50% da calificación total (5 sobre 10). Os coñecementos a avaliar non se cingirán ao que aparece escrito no material de traballo ou diapositivas entregadas polo profesorado. O alumnado deberá complementar a información e os contidos explicados na sesión maxistral e nos seminarios coa bibliografía recomendada. A información recollida nas diapositivas é meramente "informativa" e "de apoio" e non son os "APUNTAMENTOS DA MATERIA".

MATRICULA DE HONRA. O alumnado con nota igual ou superior a 9 poderán optar a matrícula de honra. A decisión tomarase pola nota máis altas.

NON PRESENTADO. O alumnado que non se presenten á proba mixta serán avaliados como "NON PRESENTADOS", independentemente da participación noutras actividades.

MATRICULA PARCIAL. O alumnado con matrícula parcial debe ter en conta que a presencialidade e participación nas diferentes actividades da materia é opcional. A asistencia ós seminarios poderá ser substituída pola realización dun Traballo sobre un tema DERMATOLÓXICO acordado co profesorado ó inicio do curso. O alumno/a debe informar o profesorado desta situación como moito ata un mes despois do inicio das clases.

DISPENSA. O alumnado con solicitude de dispensa debe ter en conta que a presencialidade e participación nas diferentes actividades da materia non é obrigatoria. A asistencia ós seminarios poderá ser substituída pola realización dun traballo sobre un tema DERMATOLÓXICO acordado co profesorado ó inicio do curso.

OPORTUNIDADE ADIANTADA. O alumnado que non teña pendente mais de 12 créditos, de materias das que xa estivese matriculado nalgún curso académico, ou de 18 créditos correspondentes ás prácticas, ademais do TFG, para finalizar os seus estudos poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación, que se realizará antes da finalización das actividades académicas do 1º cuatrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno. Os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto do alumnado.

2º O POSTERIORES OPORTUNIDADES. O alumnado presentado a 2º ou posteriores oportunidades gardaráselle as notas da parte de seminario e recensión bibliográfica sempre que participase e superase as diferentes actividades. O alumnado que non participase no resto de actividades de avaliación (recensión bibliográfica e seminario) ten que superar a proba obxetiva cunha nota igual o superior a un 5 sobre 7 para superar a materia (5 sobre 10 na avaliación final). E terá opción de realizar un traballo en substitución da nota da asistencia ós seminarios.

Fontes de información



Bibliografía básica	- ALONSO PEÑA D. Atlas de Dermatología del Pie. 1ª Edición. 2007. Editorial Panamericana.- GARCÍA CARMONA FJ. Dermatología podológica. Guía práctica avanzada. Barcelona: Isdin-Ediciones Mayo 2009.- VALERO SALAS J. Tumores de la piel y de las partes blandas del pie. Santander: Exa 2003.- GARCÍA CARMONA FJ, FERNÁNDEZ MORATO D. Guía práctica de Dermatología Podológica. Barcelona: Isdin- Ediciones Mayo 2005.- DAWBER R, BRISTOW I., TURNER W. Text Atlas of Podiatric Dermatology. 2001. Martin Dunitz.- FITZPATRICK. Dermatología en Medicina General. 6ª Edición. 2005. Editorial Panamericana.- FERRANDIZ C., Dermatología Clínica. 2ª edición. Madrid, Hacourt; 2001.- GARCÍA CARMONA FJ, FERNÁNDEZ MORATO D. Abordaje quirúrgico de la patología subungueal. Madrid: Aula Médica 2005.- Kumar, Abbas, Fausto, Mitchell; Robbins; Patología Humana. 2008. Elsevier.
Bibliografía complementaria	- Revista Internacional de Ciencias Podológicas- Journal of the American Podiatric Association (JAPMA)- Journal of Dermatological Science- http://www.dermfoot.com - http://www.iqb.es/dermatologia/atlas/

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Anatomía humana xeral/750G02001 Anatomía específica do membro inferior/750G02002 Fisioloxía xeral/750G02003 Fisioloxía de sistemas/750G02004 Bioloxía/750G02005 Microbioloxía e parasitoloxía/750G02007 Patoloxía xeral/750G02008 Farmacoloxía/750G02009 Quiropodoloxía 1/750G02027 Quiropodoloxía 2/750G02028 Técnicas e procedementos en prevención da infección/750G02032
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Podoloxía Preventiva/750G02015 Cirugía Podolóxica 1/750G02029
Materias que continúan o temario
Terapéutica farmacolóxica/750G02024 Cirugía Podolóxica 2/750G02030 Pe de risco/750G02031
Observacións
Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos 2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?).Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.Ante unha situación de plaxio ou copia nas probas de avaliación aplicarase a normativa da UDC.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías